

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

Angueira a toda vela

17.08.2010 Anxo Angueira está a pasa-lo verán navegando en dorna e lancha xeiteira na Illa de Arousa

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Mentres prepara a súa próxima novela, ambientada nos finais dos anos 60 en Galicia, Anxo Angueira está tendo un verán do máis deportista. Ademais das súas navegacións en embarcacións de vela tradicional, tamén monta en bicicleta e gustaríalle subi-lo río Ulla. Pese a todo, non lle gusta a praia, polo que prefere ir de cañas cos amigos.

Cales son os seus plans para pasa-lo verán?

Estouno pasando moi ben, o máis especial que fago é navegar en dorna e máis en lancha xeiteira, ámbalas dúas embarcacións con vela tradicional, na Escola de Navegación Tradicional da Asociación Cultural da Illa de Arousa. Vou alí practicamente tódolos días, e tamén asisto ás regatas. Polo outro lado, tamén ando moito en bicicleta polas montañas (especialmente pola Barbanza).

Vese practicando o Xacobeo?

Non, primeiro porque non podo camiñar e segundo porque non me atrae moito. O que me gustaría facer, independentemente do Xacobeo, é subir polo mar da Arousa, ou o río Ulla, en vela tradicional, aínda que creo que iso non vai ser posible este ano.

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

Si, teño un proxecto que é unha novela, aínda non sei como se vai chamar pero é longa, está ambientada na Galicia de fins dos anos 60, e non che podo dicir nada máis.

Que é o que lle gusta máis do verán?

O que máis me gusta é estar na miña casa da aldea, ver nacer e pórse o Sol, ve-lo río ó lonxe... Tamén me gusta estar coa familia e cos amigos.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

Tódalas estacións son especiais. No verán, como os días son máis longos, parece que podes facer máis actividades, sobre todo no exterior, ó aire libre. Eu o verán asócioo ó aire libre, á dorna, á bicicleta...

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

As cañas, a min non me gusta nada ir á praia. Gústame o mar pero non a praia, así que pido as cañas, por favor.

Dixo que está lendo, que ten na súa mesa de noite?

Teño un libro de Staffan Mörling que se chama *Lanchas y Dornas*, teño o libro dun brasileiro que cruzou o Atlántico nunha canoa a remo... Teño moitísimas cousas, pero iso é do que me lembro.

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

Nin unha nin outra, para min ningunha desas palabras teñen que ver coa literatura. É unha entrega, unha paixón.

O escritor sempre ten un libro debaixo do brazo?

Non, para nada, se vou na dorna non levo ningún libro (risos). Iso de ter un libro debaixo do brazo non, pero a min pásame que teño un, dous ou tres na cabeza, ou libros que estás escribindo (o máis habitual) ou que estás lendo. Non teñen que estar fisicamente contigo.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Penso que non, pero depende de como enfoque as súas vacacións cadaquén. Eu, por exemplo, desconectei bastante diso. Sempre hai algo, un fondo no que arrecendes cousas, pero é un sentido que agora teño desconectado.

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

É que non se pode, que habería que compartir? Agora houbo unha homenaxe a Moncho Reboiras e sería un pouco ridículo escollelo, pero gustárame meterme nesa virtualidade que é elaborar unha biografía, coma a súa ou a de Rosalía de Castro. Esta é unha forma de convivir virtualmente.

Como é o primeiro día de escritura trala tempada de vacacións? Custa arrincar?

Si, custa moito. O que pasa é que haise que ir mentalizando, e ó final a familiaridade co traballo enseguida a colles. É algo máis mental que físico.

O PERFIL

Nome: Anxo Angueira Víturro

Lugar de nacemento: Dodro (A Coruña)

Ano de nacemento: 1961

Obras: *Val de Ramirás* (1989), *Bágoas de facer illas* (1997), *A morte de A.* (2003), *Fóra do sagrado* (2007)...

Premios: Accésit do Premio Esquío 1988 por *Val de Ramirás*, Premio Café Dublín 1996 por *Bágoas de facer illas*...

Ademais: Foi alumno de Bernardino Graña, quen lle inculcou o amor pola lingua. Estudou Filoloxía Hispánica con especialidade en lingua galega. Traballa como profesor de lingua e literatura no I.E.S. do Meixoeiro e na Universidade de Vigo.

[HTTP://WWW.GALIZACIG.COM](http://www.galizacig.com)